

Otilia Meis Pintos

(MOURENTE, 1912- PONTEVEDRA, 1976)

Otilia Meis Pintos foi detida o 7 de outubro de 1936, pouco despois do asasinato do seu pai, destacado agrarista de Mourente e membro do Partido Socialista. O corpo de Ramón Meis nunca apareceu. Á casa da súa viúva, Balbina Pintos, empezaron a chegar anónimos vexatorios sobre os seus últimos momentos e escoitouse que os cívicos o enterraran co puño fóra. A maior das súas fillas, Consoxia, e a súa neta Carmiña foron polas gabias de Monteporreiro para escavar na terra removida, pero nunca atoparon o corpo.

Entre os que foron buscar a Otilia estaba un coñecido cívico da parroquia que coas présas non lle quería deixar poñer nada por riba do viso, pero o xefe da partida deixouna vestirse antes de pechala no cárcere da Audiencia. Un informe de Comisaría¹ recollía que non tiña antecedentes nin estaba afiliada a organización ningunha pero foi acusada de ter “ideas extremistas” e ser “propagadora do comunismo”. Entre os seus cargos estaba ter desfilado na última manifestación do 1 de maio, participar en numerosas actividades da Fronte Popular (incluídas as milicias que, nun intento de frear o golpe, se constituíron o 20 de xullo) e agochar armas na súa casa.

1 Fonte: Álvarez Castro, X. (2016): Mourente nos anos do medo.



Otilia declarou que lle dera dúas pistolas e unha caixa de municións Albino Sánchez, *o Perrita*, que naquel momento estaba fuxido e que en abril de 1937, tras entregarse ao cura de Lérez, Leandro del Río, sería fusilado. Engadiu que ao día seguinte as fora buscar e non volvera ter novas del, pero non era certo, tal e como explica o seu fillo, Ramón Estévez Meis:

“Vou contar unha cousa que descubrín eu e que nunca se soubo. Na miña casa había un lavabo antigo, daqueles que tiñan un depósito, e xa non se usaba. Un día, de nenos, metemos a man dentro e atopamos un paquete. Eran dúas pistolas, unha tipo *Colt* e unha *Star*. E unha caixa de balas metidas como en graxa. Nós felices, tiñamos unha pistola para cada un! Puxémonos a xogar con elas e cando chegou miña nai púxose branca. Colleunas pero non dixo nada. O meu pai levoullas a un coñecido que era Garda Civil (...) Estaban envoltas como nunha lona gris e metidas no depósito, nun sitio onde case non chegabas. Eu tiña doce anos ou así, así que debía de ser 1960”.

Ramón Estévez Meis, fillo de Otilia Meis

Aínda que os cívicos nunca atoparon as armas, Otilia non se librou da cadea nin do rapado a cero do pelo. O seu paso polo cárcere da Audiencia cambiou para sempre a súa vida pois alí coñeceu a María Vidal, tamén presa por motivos políticos. Ao saír deixou a súa casa de Cons e marchou a vivir á casa que María tiña nos Soportais, xusto enriba da tenda de lencería das irmás Aurora: Nicereta, María e Nieves Martínez, tamén detidas pola súa implicación co *Socorro Rojo*. De feito, na familia quedou a idea de que foi a amizade coas *Corseteiras*, que era como se alcumaba ás irmás por ser esa a súa profesión, a que levou á cadea a María posto que nunca se lle coñeceu vinculación política algunha. Coincidiron na cadea con Emma Mourón, a compañeira de Manuel García Filgueira, alcalde en funcións tras o nomeamento de Bibiano Fernández Osorio-Tafall como Subsecretario de Gobernación. Con Emma estaba o seu fillo máis pequeno, Carlos García Mourón, de só uns meses, e as súas compañeiras, sobre todo As *Corseteiras*, esmeráronse no seu coidado. Tanto que, cando saíron da cadea, propuxéronlle a Emma levar o neno para a súa casa ata que ela saíse, e Carlos García Mourón acabou vivindo para sempre coas súas improvisadas madriñas, mentres que o seu irmán Manuel e as súas irmás Rosario e Pilar foron criadas polas súas tías paternas, Benita e Peregrina García Filgueira.

Tampouco Otilia deixou nunca o fogar de María Vidal. Alí seguiu vivindo tras casar co veciño de Bueu, Ramón Estévez, tamén preso político, e alí naceron os seus tres fillos: Luís, Ramón e o pequeno Luís, que naceu tras a morte do primoxénito e foi bautizado co seu nome. O primeiro fillo de Otilia morreu de tuberculose segundo explica o seu irmán Moncho, contaxiado tras meter na boca goma de mascar dunha amiga enferma.



“Ela sobreviviu, pero o meu irmán morreu, a pesar de todos os cartos que o padriño empregou en intentar salvalo”.

Ramón Estévez, fillo de Otilia Meis

O padriño era Luís García Temes, pai adoptivo de María Vidal. Curiosamente, o seu irmán, Vicente García Temes, xa fora solidario cos Meis, pois colaborara nunha subscripción popular posta en marcha para axudar a familia durante unha enfermidade de Ramón Meis. Mais, segundo explica o seu neto, Otilia e María non se coñecían antes de ingresar no cárcere, pero as súas familias compartían ideais pois Luís García Temes xa fora multado en 1930 por participar nunha reunión no Ateneo Republicano de Santiago con outros pontevedreses como José Echeverría e Amancio Caamaño. Os tres tiveron que abonar cen pesetas.

Otilia tamén perdeu un bebé antes de nacer como consecuencia dun trágico suceso directamente relacionado coa represión:

“A miña nai cosía sempre pegada á ventá. Tiña unhas veciñas que eran como da familia, as fillas de Arturo Rey... Unha delas tirouse pola ventá, a miña nai estaba embarazada e do desgusto abortou”.

Ramón Estévez, fillo de Otilia Meis

Arturo Rey fora concelleiro no primeiro mandato de Bibiano Fernández Osorio-Tafall e finara un par de anos antes do golpe de Estado. O seu fillo Benigno, mestre de profesión, participou na defensa da legalidade republicana feita tras o golpe desde as institucións ata a entrega do Goberno Civil o 20 de xullo. Por iso foi sometido a Consello de Guerra e fusilado xunto a outros nove republicanos o 12 de novembro de 1936. Ademais, os fascistas detiveron a muller de Arturo Rey, Sofía Pavón, e a toda a súa descendencia, incluída a súa filla Lola, que debido ás vexacións sufridas no cárcere, enfermou dos nervios e tivo que ser ingresada nun sanatorio mental. Foi nun dos permisos que lle deron no sanatorio que se botou pola fiestra da súa casa dos Soportais e, aínda que non morreu, a súa amiga Otilia, veuna caer e, da impresión, perdeu o bebé que esperaba.

Naqueles soportais viviron ou traballaron varias persoas de familias represaliadas como as irmás Fina e Tucha Dios. Mestras de profesión, foron detidas, rapadas, impediúselles dar clase e ademais, o seu irmán maior, Edelmiro Dios, responsable de Axitación e Propaganda do Partido Socialista foi paseado. Como Pastor Torres, agochado durante anos e detido en varias ocasións xa avanzado o franquismo polos seus intentos de reorganizar o Partido Comunista. Como a familia Rey, como as Corseteiras ou a propia Otilia. Todos, explica o seu fillo, eran como unha gran familia aínda que na casa de María Vidal as portas estaban abertas para xente de distintas ideoloxías:



“Cada un tiña o seu xeito de chamar á porta de abaixo. Polo son xa sabiamos quen viña e a miña casa sempre estaba aberta (...) A miña nai cosía arriba, cada quen tiña a súa chamada e xa sabías quen era. Subía e alí facíase a reunión. A única condición que a miña nai puña era que había que respectar os demais. Podías falar de política ou do que quixeses pero respectando sempre (...) Xuntábanse comunistas acérrimas como *As Corseteiras* con todo o contrario. Había ata falanxistas”.

Ramón Estévez, fillo de Otilia Meis

Otilia nunca falou do que a súa familia pasara tras o golpe de Estado. O seu fillo soubo que estivera presa, que a raparan e do asasinato do seu avó polas outras mulleres dos Soportais, especialmente pola súa madriña, María Vidal, “para min foi como unha segunda nai” e polas irmás Martínez. Otilia intentou sempre manter os fillos lonxe de calquera vinculación política, renunciando a inculcarlle os seus ideais. Mesmo os obrigaba a ir á catequese para que non se significasen, a pesar de que ela nunca pisaba a igrexa:

“Sei cales eran as súas ideas, pero a nós sempre nos inculcou a necesidade de levar a vida como o resto do mundo.

Fíxonos sempre ir ao catecismo e á igrexa. Decía:

- Cando sexades maiores xa faredes o que queirades. O que non quero é que a xente diga que os eduquei á miña maneira.

Ela, en cambio, nunca ía á igrexa. Foi á miña comunión, a algún enterro, para as cousas moi necesarias. Pero a nós obrigábanos e non podías dicir ‘non teño ganas’. Era unha obriga que tiñas, e tiñas que cumprila.”

Ramón Estévez, fillo de Otilia Meis

O seu silencio agochaba unha fonda represión cara ao seu pai, cara a ela, e tamén cara aos seus irmáns. Ramón Meis Pintos, que estaba cumprindo o servizo militar en Palma de Mallorca, foi detido e acusado de pertencer á célula comunista de Mourente e José Meis Pintos, o máis pequeno, foi interrogado a pesar de que en 1936 só tiña 16 anos.

Vinte e cinco anos despois, en 1961, José Meis foi asasinado moi preto da ponte de Monteporreiro, onde a memoria oral gardou que os fascistas lle quitaran a vida ao seu pai e os Meis volveron sufrir a persecución policial. Foron levados ao cuartel e interrogados, nalgúns casos con malleiras incluídas, a propia Otilia, o seu home (Ramón Estévez), a súa amiga María Vidal, a súa irmá Consorcia e a súa sobriña Carmiña.

“Logo de saír do cárcere, deixárona máis ou menos tranquila, ata a morte de Pepe. Aí dinme conta que tiña que ter habido máis do que eu sabía, do que me dicían, porque a ela tamén a tiveron presa logo diso. Levárona a ela, ao meu pai, á madriña, ata o meu irmán pequeno tivo que declarar no cuartelillo (...). Pepe



estaba traballando en Alemaña e viñera para aquí. Eu tiña daquela 18 anos e fun o último en velo. Atopeino en Mourente cando ía á casa de Consorcia e díxome que ía á miña casa, pero logo marchou a Bora, onde tiña uns parentes”.

Ramón Estévez, fillo de Otilia Meis

O crime nunca se resolveu e a policía por fin deixou tranquila a Otilia, que toda a vida traballou confeccionando pantalóns para as mellores tendas da cidade. María Vidal era bordadora e os cartos herdados de García Temes posibilitaron os estudos dos fillos da súa amiga, que tivo que seguir adiante soa tras separarse de Ramón Estévez.

Otilia morreu en 1976, despois de sufrir dous ictus:

“Estivo seis anos mal. Coidouna a madriña. A madriña tiña familia pero para ela a familia eramos nós. Eran como irmás, máis que irmás”.

Ramón Estévez, fillo de Otilia Meis

Aínda morta volveu Otilia recibir acubillo de María Vidal, pois foi enterrada na tumba que ela tiña en San Amaro. Apenas a sobreviviu un ano e non puideron abrir a foxa para enterralas xuntas, así que María recibiu sepultura no cemiterio de Mourente, nunha propiedade dos Meis, pero o seu afillado Moncho gravou o seu nome na lápida de San Amaro que cubría os restos da súa nai, como símbolo dunha amizade feita no peor dos tempos e mantida ata o final da vida.